



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno para o 01.12.2025

Don **Manuel Vázquez Faraldo**, alcalde do Concello de Miño, de conformidade co establecido no artigo 112 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o artigo 130 e seguintes do Regulamento orgánico do Concello de Miño e ao abeiro do previsto no artigo 46.3 LRBRL,

RESOLVO:

CONVOCAR A SESIÓN EXTRAORDINARIA do Pleno do Concello de Miño, que terá lugar o día 1 de decembro de 2025 ás 14:15 horas, no salón de plenos da casa do concello, e fixar a seguinte orde do día:

1. Aprobación da acta da sesión anterior: sesión ordinaria do 16.10.2025
2. Aprobación da rectificación do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Corporación
3. Aprobación do expediente de modificación orzamentaria nº 3/2025 no orzamento de 2025, vía suplemento de crédito
4. Adhesión á central de contratación da Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP)
5. Aprobación da quinta modificación puntual da Relación de Postos de Traballo do Concello de Miño e modificación do cadro de persoal aprobado co orzamento de 2025
6. Aprobación da modificación do Convenio Colectivo para o persoal laboral deste Concello
7. Aprobación da modificación da ordenanza fiscal nº 1 reguladora do imposto de bens inmobles

A documentación está á disposición de todos os concelleiros e concelleiras no portal de cargos electos da sede electrónica do Concello de Miño.

Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. O secretario acctal. municipal

Ignacio Edreira Moreira